

ENKAUSTIKOS. Pintura de lume

CURSIÑO DE INICIACIÓN: 5 HORAS


A materia artística está composta dos máis diversos materiais. Na actualidade a diversidade é tal que xa hai moito tempo que non se pretende unha clasificación xenérica nin procesual da súa natureza. Xéneros e técnicas dilúense para conveñencia do proceso creativo persoal do autor.

Mais de todos os xéitos, o coñecemento da xénese e do proceso polo que pasaron diferentes técnicas artísticas, ademais de axudar na mellor comprensión da obra e do seu proceso, agranda o abano expresivo e comunicativo da mensaxe artística.

Técnicas centenarias que teñen sido empregadas o longo da historia da humanidade como ferramenta chea de connotacións e resoancias procedentes doutras épocas.

A investigación histográfica das diferentes técnicas e procedementos artísticos ten sido e é obxectivo de numerosos estudos e tratados ó longo da historia da humanidade. Desde Plinio até os blogs temáticos que podemos atopar na rede, pasando por Cennino Cennini, Max Doerner, Ralf Mayer ou Ray Smith. Teñen estudos sobre estas técnicas e a súa influencia nas diferentes etapas da historia da arte.

O caso que nos ocupa neste cursiño é a técnica da encáustica. Unha técnica que non ten variado na súa esencia desde os primeiros retratos funerarios ata hoxe en día. Cera, pigmentos e lume o servicio do artista.



PROGRAMACIÓN:

ACTIVIDADES	RECURSOS DIDÁCTICOS (materiais)	Horario
Presentación sobre a técnica da encáustica nos retratos do Fayum	Ordenador, canón de vídeo e pantalla	9 a 9:30
Elaboración dun autorretrato por planos de cor a partir de fotografía carné ampliada.	Computador, canón de vídeo e pantalla Papel vexetal A4	9:30 a 10
Elaboración das cores á cera e do autorretrato coa técnica da encáustica	Fornillos Feros metálicos Flaneras metálicas Pinzas de madeira Cera virxe de abella Pigmentos: negro, ocre amarelo, branco, vermello terra, azul. Papel de aluminio Espátulas de aceiro Pinceis de pelo natural Tablilla de madeira A4	10 a 13:30
Montaxe en soporte expositivo de momia para mostra didáctica.	Retrato de encáustica Tea con forma de momia rechea con material de reciclaxe	13:30 a 14

INSTALACIÓNS E MONTAXE PREVIO (ORGANIZACIÓN)

- Canón de vídeo e pantalla para presentación da técnica e DVD mentras se traballa xa na elaboración dos retratos.
- Recheo das momias e zona de exposición, o nº de momias será o mesmo que o nº de participantes no taller.
- Tres táboas e cadeidas (6 por fornillo máximo) para os participantes no taller. Prolongacións eléctricas para conectar os fornillos que se situarán no centro das táboas.
- Ampliación da foto do DNI dos participantes e impresión en A4.
- Materiais específicos indicados nos recursos didácticos.